



NOVAS

21  
XAN

## PROXECTO CORGORAL: Literatura de Tradición Oral e Patrimonio Cultural Inmaterial no Concello do Corgo

O Concello do Corgo vén de contratar un técnico para facer a recolla, transcripción, estudo e clasificación da **Literatura de Tradición Oral e do Patrimonio Cultural Inmaterial**. Durante os meses de Xaneiro e Febreiro, as liñas mestras do **"Proxecto CORGORAL"** están a ser presentadas á corporación e aos traballadores municipais, aos centros escolares e a diversas asociacións culturais. Ao longo deste ano 2021 serán feitas numerosas entrevistas aos maiores e ás persoas que gardan os tesouros da nosa rica tradición oral: cancións, contos, lendas, romances, coplas, refráns, adiviñas, oracións, responsos... Tamén se recollerán os coñecementos relacionados cos oficios artesanais (muiñeiros, carpinteiros, pedreiros...), cos nomes da terra (microtoponimia) e coas celebracións comunitarias (festas, romarías...).

Todos os interesados en colaborar con esta iniciativa cultural poden poñerse en contacto con Lois Ladra, no teléfono 676-862-924 de luns a venres de 09:00 a 17:30 ou no correo electrónico [proxecto.corgoral@gmail.com](mailto:proxecto.corgoral@gmail.com)